

GUARIDA

Miña guarida.

Si, a miña guarida.

Alí onde deixo as miñas vértebras dormidas,

alí onde pecho os ollos,

evéxoo todo claro;

onde repousa a miña pena,

de tanta dor,

onde descansa a miña dor,

de tanto vacío

Na miña guarida,

no inverno e estío,

nin frío quebrantador,

nin calor sofocante,

no meu refuxio síntoo todo claro.

Sinto o palpitar das miñas sienes,

ata que se relaxen.

Escouto ás sereas cantar en magma frío.

Na miña guarida escóitoo todo claro.

LINGUA GALEGA E LITERATURA

E que é o tempo

cando o cando

non é contigo

e o onde non é nos teus brazos?

E que é un complemento

se non circunstancial da túa compañía,

ou de modo co cariño dunha vida?

E se lle poño til a cada vocal do teu nome

porque en min siempre soas alto?

E se suspendo,

pero e se te amo?

Que é a Lingua

se non as nosas,

e que é a literatura

sen os meus poemas?

Sen os teus poemas,

que o fin e o cabo sonche lexítimos

o determinante posesivo

considérao un regalo.

Que tal vez non son Bécquer,

pero sí che adicaría cada vocablo

de eses versos edulcorados seus,

non sei se sabes de que che falo.

Que nin Neruda atreveuse

a falar de metapoesía,

pero asegúroche que o amor é corto,

por iso o gardo entre dicionarios.

E o olvido é longo

pero nos meus poemas o degrado,

o elimino parte a parte:

alí o deixo plasmado.

Podo ter mil faltas,

pero ti sí fasme falta,

e podo escribir "bícame" con "v",

pero eso xa da igual

porque bicarasme de todos modos.

LUZ DE NOVENBRO

Luz de novembro,
clara e cristalina
recende a fume
e cheminea prendida,
humidade seca,
xeada fría,
e murmurio sinxelo,
como o último dunha vida.

Calma dada nesta claridade
sol que brilla e non quece,
sol que ilumina, e non queima.

Conversas de paxaros
que discuten sen parar,
construen melodías
que agariman os sentidos.

Tea de araña
que te estendes na baranda da terraza
como fragmentando o vento
esta mañá de novembro.